




BASES DA CONVOCATORIA DO PREMIO DE ORATORIA "Orador do Ano Oteriano 2026 RAMON OTERO PEDRAYO"



1. OBXECTO DA CONVOCATORIA

A Fundación Otero Pedrayo e a Asociación de Amigos de Ramón Otero Pedrayo convocan o Premio de Oratoria "Orador do Ano Oteriano 2026 RAMÓN OTERO PEDRAYO" destinado a recoñecer e difundir as mellores pezas de oratoria en lingua galega difundidas en Galicia ou elaboradas expresamente para o concurso, sempre que se enmarquen no chamado mundo oteriano ou universo oteriano, isto é, na vida, obra, pensamento ou legado cultural de Ramón Otero Pedrayo.

O premio conta co apoio e patrocinio da cooperativa agraria Coren e da Secretaría Xeral da Lingua, da Xunta de Galicia.

2. PERSOAS DESTINATARIAS

Poderán concorrer ao premio:

- Persoas individuais.
- Grupos de persoas que presenten unha peza conxunta.

As persoas ou grupos participantes deberán garantir a orixinalidade e autoría da peza presentada. Cada persoa ou grupo poderá presentar un máximo de dúas pezas ao concurso.

3. CARACTERISTICAS DAS PEZAS

As pezas deberán cumprir os seguintes requisitos:

- Duración: entre 10 e 30 minutos.
- Formato: Preferentemente vídeo (MP4, MOV, AVI). Tamén se admitirán pezas en audio (MP3, WAV).
- Lingua: exclusivamente galego.
- Temática: relacionada co pensamento, a obra, a figura ou o legado cultural de Ramón Otero Pedrayo.
- Difusión previa: Poderán presentarse pezas orixinais creadas para o concurso. Ou

pezas difundidas previamente en medios de comunicación galegos ou canles acreditadas.

4. PRESENTACION DAS CANDIDATURAS

As candidaturas poderán ser presentadas por:

- As persoas ou grupos interesados.
- Entidades culturais.
- Calquera membro do xurado.

Documentación a presentar:

- Arquivo da peza en formato dixital.
- Folla de inscrición (modelo normalizado).
- Declaración responsable de autoría e orixinalidade.
- No caso de grupos: relación nominal das persoas participantes.
- No caso de menores: autorización de uso de imaxe e voz.

As candidaturas enviaranse ao correo electrónico da Fundación Otero Pedrayo: fundacion.otero.pedrayo@gmail.com.

As persoas participantes autorizan a Fundación Otero Pedrayo e a Asociación de Amigos de Ramón Otero Pedrayo a reproducir, difundir e exhibir as pezas presentadas, exclusivamente con fins culturais e non comerciais, no marco das actividades de promoción do premio e do legado oteriano.

5. PRAZO DE PRESENTACIÓN

O prazo de presentación das pezas rematará o día 15 de novembro de 2026. Non se admitirán candidaturas fóra de prazo.





BASES DA CONVOCATORIA DO PREMIO DE ORATORIA "Orador do Ano Oteriano 2026 RAMON OTERO PEDRAYO"



6. XURADO

O xurado será nomeado pola Fundación Otero Pedrayo e pola Asociación de Amigos de Ramón Otero Pedrayo, e estará composto por persoas de recoñecido prestixio no ámbito da comunicación, da cultura galega e do estudo da obra oteriana.

O presidente será o presidente da Fundación Otero Pedrayo e a secretaria será a vicepresidenta da Asociación de Amigos de Ramón Otero Pedrayo.

A súa composición farase pública tras o peche do prazo de presentación.

O xurado actuará con plena independencia e a súa decisión será inapelable.

7. PREMIOS

1º Premio "Ramón Otero Pedrayo" de Oratoria. Concederáse unha única distinción á mellor peza de oratoria en galego, xa sexa:

- unha peza orixinal presentada ao concurso,
- unha peza difundida nun medio de comunicación galego,
- ou unha peza que destaque pola traxectoria oratoria da persoa candidata.

Dotación:

A dotación consistirá nun lote de produtos culturais, tecnolóxicos e de alimentación cun valor estimado de 6.000 euros.

- Unha escultura de Ramón Otero Pedrayo.
- 500 euros en produtos Coren.
- Difusión da peza gañadora e do discurso pronunciado no acto de entrega.

O premio poderá declararse deserto.

8. CRITERIOS DE VALORACIÓN

O xurado terá en conta:

- Claridade expositiva e estrutura argumental.

- Calidade oratoria e expresiva.
- Calidade da lingua galega.
- Rigor e coherencia temática co universo oteriano.
- Creatividade e orixinalidade.
- Capacidade comunicativa e impacto cultural.
- Adecuación ao formato e á duración establecida.

9. RESOLUCIÓN E ENTREGA DOS PREMIOS

A decisión do xurado farase pública no prazo máximo de 30 días desde o peche da convocatoria.

O acto de entrega celebrarase na Casa Museo Otero Pedrayo (Trasalba) na data que determinen as entidades convocantes.

10. ACEPTACIÓN DAS BASES

A participación nesta convocatoria implica a aceptación íntegra das presentes bases.

11. PROTECCIÓN DE DATOS

Os datos persoais recollidos nesta convocatoria serán tratados pola Fundación Otero Pedrayo e pola Asociación de Amigos de Ramón Otero Pedrayo coa finalidade exclusiva de xestionar o Premio de Oratoria "Ramón Otero Pedrayo".

O tratamento realizarase de acordo co Regulamento (UE) 2016/679, Xeral de Protección de Datos (RGPD) e coa Lei Orgánica 3/2018, de 5 de decembro, de Protección de Datos Persoais e garantía dos dereitos dixitais (LOPDGDD).

